



Concello de Moeche
Rúa da Feira, 32 – San Xoán
15563 – Moeche
www.moeche.gal

BASES EXPOSICIÓN

Dende as áreas de Cultura e Desenvolvemento Local, promóvese a creación dunha exposición artística temporal no Castelo de Moeche. Neste ano complicado, a crise do COVID-19 estanos obrigando a suspender ou aprazar numerosos eventos e feiras, entre eles, un dos máis representativos da nosa terra: A Feira do cabalo do 23 de Abril.

PRIMEIRA: ORGANIZACIÓN E OBXECTO

As bases redáctanse para regular e normalizar unha exposición “Moeche, Terra de Feiras”. Esta proposta está organizada polo Concello de Moeche para homenaxear ás nosas feiras a través da arte, fomentando así a creatividade e imaxinación da veciñanza, e quitándolle un pouco de aburrimiento ao confinamento que estamos a pasar durante este estado de alarma.

SEGUNDA . TEMÁTICA

- Modalidade debuxo ou pintura.
 - Presentarase un debuxo ou pintura cunha temática "homenaxe" ás nosas feiras: imaxes de cabalos, gando, ou calquera imaxe na que se reflecta a esencia das feiras (tanto as monográficas como as quincenais). Poden presentarse en papel, tea, tellas, lousa, madeira, metal, coiro, etc.
- Modalidade: microrrelato ou micropoesía
 - Microrrelato: presentarase un texto cun máximo de 200 palabras, redactado en lingua galega, que debreá ter como tema calquera aspecto relacionado coas feiras de Moeche, mensuais ou monográficas (a do 23 de Abril, a das Fabas, a do Queixo, a de Nadal ou do Gado.)
 - Micropoesía: presentarase un poema , entre 6 e 8 versos, redactado en lingua galega, que deberá ter como tema calquera aspecto relacionado coas feiras de Moeche, mensuais ou monográficas (a do 23 de Abril, a das Fabas, a do Queixo, a de Nadal ou do Gado.)
 - Pódesen participar en varias modalidades e presentar cada participante como MÁXIMO dous debuxos/pinturas, un microrrelato e unha micropoesía.

TERCEIRA. REQUISITOS

- Poderán participar todas aquelas persoas entre 3 a 105 anos, sexan veciños de Moeche ou non.

Debido ao extraordinario da situación actual, as obras, que han de ser inéditas, deberán enviarse dixitalizadas entre o 1 e 30 de abril ao correo concellodemoeche@gmail.com, e unha vez pasado o estado de alarma, deberán entregar o debuxo orixinal no concello. Aqueles soportes que non se poidan dixitalizar, deberanse enviar unha foto e logo, antes da exposición, entregaranse na Casa do Concello, tal e como indicou.

No asunto do correo debera aparecer a palabra EXPOSICIÓN FEIRAS, e no texto farase constar o título da obra e o nome completo e DNI da autora ou autor.

As obras presentadas que cumpran coas premisas destas bases, formarán parte da primeira exposición temporal que se faga no Castelo de Moeche unha vez reabra as súas portas.

A organización do concurso NON SE RESPONSABILIZA polos danos ou prexuízos de toda natureza, que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, poidan deberse á utilización indebida dos contidos. A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases e a cesión á organización dos dereitos de reprodución, exhibición, comunicación pública e/ou transformación de todas as imaxes presentadas ó concurso. Así mesmo, cada participante, polo feito de selo, responsabilízase de que posúe os dereitos de imaxe e propiedade intelectual sobre todo o material presentado.